



Expte. 7102/2018

Asunto: Resolución de alcaldía de aprobación do plan anual normativo para o ano 2019.

RESOLUCIÓN

O artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe aos municipios na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, as potestades regulamentaria e de auto organización.

Tras a entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, Lei de réxime xurídico do sector público (LRXSP), se regularon unha serie de novidades que afectan á potestade normativa das Administracións Públicas.

Se aposta por mellorar a planificación normativa "ex ante", tal como di o preámbulo da LPACAP: *"la iniciativa legislativa y la potestad reglamentaria de las Administraciones Públicas con el objeto de asegurar su ejercicio de acuerdo con los principios de buena regulación, garantizar de modo adecuado la audiencia y participación de los ciudadanos en la elaboración de las normas y lograr la predictibilidad y evaluación pública del ordenamiento"*.

Unha das principais novidades da LPACAP é a obrigação de tramitar e aprobar un Plan Anual Normativo, tal e como sinala o art. 132 da citada norma estatal, sendo configurado como un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo. Así, o art. 132 da LPACAP sinala o seguinte:

*"1. Anualmente, las Administraciones Públicas harán público un Plan Normativo que contendrá las **iniciativas** legales o **reglamentarias** que vayan a ser elevadas para su aprobación en el año siguiente.*

2. Una vez aprobado, el Plan Anual Normativo se publicará en el Portal de Transparencia de la Administración Pública correspondiente."

Este artigo de directa aplicación na administración local, determina a necesidade de que o Concello aprrobe un Plan Anual Normativo.

De conformidade co artigo 132.1 da LPACAP que se refire ó Plan Anual Normativo como instrumento que contén iniciativas regulamentarias; e de conformidade co artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que lle outorga ao alcalde as atribucións que a lexislación asigne ó municipio e non atribúa a outros órganos municipais, **RESOLVO:**



PRIMEIRO. Aprobar o Plan Normativo Anual do Concello de Redondela para o ano 2019 que figura como anexo. Este plan debe entenderse como o conxunto de iniciativas que o goberno municipal propoñerá ao Pleno para a súa tramitación e aprobación durante o ano 2019, e elo sen prexuízo de que se deban cumprir todos os trámites que marca a normativa legal vixente.

SEGUNDO. O Plan Anual Normativo publicarase no Portal da Transparencia do Concello de Redondela.

ANEXO

PLAN ANUAL NORMATIVO DO CONCELLO DE REDONDELA PARA O ANO 2019

1) APROBACIÓN DE REGULAMENTO DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

- **Obxectivo:** Regular o xeito en que os diferentes Consellos Parroquiais acordan o uso dos fondos asignados así como a aprobación do gasto polo Concello.

2) MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS CONSELLOS PARROQUIAIS MUNICIPAIS.

- Obxectivo: adaptar á realidade actual un regulamento que leva 18 anos sen actualizarse. Se pretende mellorar e aclarar as funcións, o réxime de sesións e as potestades dos consellos parroquiais.
- Texto actual: [Regulamento dos consellos municipais territoriais, consellos municipais e parroquiais \(BOP número 111 do 12/06/2000\).](#)

3) REGULAMENTO DAS SUBVENCÍONS NOMINATIVAS

- **Obxectivo:** Establecer os requisitos e procedementos para a concesión e xustificación das subvencións nominativas polo Concello de Redondela.
- **Texto actual:** *Ningún / Ordenanza xeral de bases* - [Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Redondela \(BOP núm 99 del 23/05/2008\)](#)



4) REGULAMENTO DA DOTACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO

- **Obxectivo:** Dotar dunha maior seguridade xurídica establecendo un procedemento preestablecido para os diferentes grupos municipais no uso desas asignacións, para o propio Concello en canto a unha posterior fiscalización por parte das/os concelleiras/os e por último cumprindo co principio de transparencia para as/os habitantes do municipio.
- **Texto actual:** Base n.º 53 das Bases de Execución do Orzamento Municipal para o ano 2018.

O Plan é anual pero aínda que no plan se aborden as iniciativas a acometer na anualidade 2019, toda vez que se trata dunha iniciativa normativa, dende que se pon en marcha ata a súa aprobación e publicación para entrada en vigor, pode abarcar un espazo temporal de tramitación que se estenda ao ano seguinte ao do seu inicio .